



# OLA, CHÁMOME XOSÉ A. TOURIÑÁN E SON ACTOR

## // SOBRE MIN

"Rir para vivir" é o meu lema! Todo o mundo me recoñece como Mucha, do dúo As Cantareiras de Ardebullo que formei co meu amigo Marcos Pereiro. Desde entón, pasei pola televisión con Padre Casares, Air Galicia e Tourilandia, e levei o meu humor por toda Galicia co ciclo de monólogos R e con Manolo Lojo. Na actualidade, traballo no Land Rober e en Era Visto!, interpreto a Santi do Monólogo do Imbécil e xiro por todo o país co espectáculo cómico Curtis & Teixeira.

## // VIDA

1980

### ◀ Son de Castelo

Nacín e vivo ao pé do Monte Xalo, en Culleredo. A verdade é que no mellor lugar do mundo non se vive nada mal.

1988

### ◀ Estudei en Tarrío

Onde coñecín ao meu compañeiro e amigo Marcos Pereiro, e onde descubrín o mundo do teatro.

1994

### ◀ Xoguei ao balonmán

E cheguei ata a selección galega, logo de aprender no Grupo Mar Culleredo.

1999

### ◀ Estudie Filoloxía Galego-Portuguesa

E son licenciado! A idea era ser profesor de galego, pero chegado o momento cambiei de opinión. Estar diante de tanta xente...

2000

### ◀ A miña chegada ó audiovisual

Fun vixiante nocturno dun decorado da película "Se quién eres". Ter tiña que vixiar, pero durmía no coche.

## // EXPERIENCIA

### TELEVISIÓN

#### Atresmedia, Bambú Producciones

2017 - Actualidade

#### RTP, TVG

2017

#### Os Dous de Ardebullo, TVG

2016 - 2017

#### TVG

2012 - 2016

#### La Sexta, Globomedia

2016

#### TVG

2016

#### Os Dous de Ardebullo, TVG

2016

#### TVG, Mad Mex Filmanova

2016

#### Canal+, Movistar+

2014-2015

#### Fariña

Serie baseada no libro de Nacho Carretero sobre o mundo do narcotráfico en Galicia nos anos oitenta. Touriñán interpretará a Paquito Charlín, fillo dun dos narcos da novela.

#### Vidago Palace

Serie cuxa acción sitúase no verán de 1936 e céntrase no amor prohibido entre Carlota, filla dos condes de Vimieiro e noiva de César, e Pedro, empregado no hotel, unha época en que imperaban as conveniencias familiares e sociais. Touriñán interpreta ao Padre Raimundo, o cura que vai casar ós personaxes da serie, Carlota e César Augusto.

#### Nós

Programa de humor da Televisión de Galicia que se emitiu durante as festas do Nadal. Os actores e humoristas cullerenses fan un repaso pola historia do noso país en clave de comedia, con argumentos centrados en tres datas moi especiais como a Noiteboa, a Noitevella e a noite de Reis.

#### Land Rober Tunai Show

Programa de humor da Televisión de Galicia que conta cada semana cun convidado estelar, música en directo e con representación cómicas no que o público ten un papel fundamental. Nel son co-presentador e interpreto a João Simões, entre outros moitos personaxes.

#### El Club de la Comedia

Participei como monoloxuista nun dos programas deste formato de televisión del género stand up comedy no que monoloxuistas profesionais e actores invitados enfréntanse ao público en directo cun monólogo de entre 8 e 10 minutos de duración.

#### Gala dos Premios Mestre Mateo

Gala da Academia Galega do Audiovisual que presentei xunto á xornalista Marga Pazos.

#### Buscando Ardebullo

Espazo da Televisión de Galicia conducido por min, Marcos Pereiro e Manolo Pereiro, o pai de Marcos. Xuntos percorremos toda Galicia na procura dese lugar idílico que podería ser o noso Ardebullo.

#### Casa Manola

Participei nun capítulo desta serie de televisión do xénero da comedia, que conta a vida de Manola e Barrantes, irmáns, que aproveitando unha subvención, reforman a casa facendo unha casa de turismo rural.

#### Ilustres Ignorantes

Participei como invitado en dúas ocasións neste programa de humor presentado por Javier Coronas no que se pretende dar contestación a preguntas absurdas sobre temas da vida cotiá.

<b>TVG</b> 2014	<b>Libro de Familia</b> Estiven nun dos capítulos desta serie que retrata tres familias galegas que pertencen a distintos estratos sociais e residen en Santalla.
<b>TVG, Ficción Producciones</b> 2013	<b>Escoba!</b> Participei nun dos capítulos desta sitcom galega con 5 mulleres como protagonistas que se reúnen para xogar á escoba. Sobre a mesa non só haberá bastos, ouros, copas e espadas, reis e cabalos, senón multitude de temas que debullarán con ton irónico e con boa retransca.
<b>Airapro e Ficción Produccións</b> 2012-2014	<b>A Casa da Conexa</b> Programa de humor e entretemento no que as protagonistas eran Mucha e Nucha.
<b>Airapro, CTV</b> 2012-2013	<b>Tourilandia</b> Show da Televisión de Galicia do que fun presentador e director e no que o entretemento é a gran premisa, centrándose sempre nun humor apto para todos os públicos.
<b>Zopilote</b> 2011-2016	<b>Era visto!</b> Comedia familiar líder de audiencia na TVG na que prima o humor verbal dos personaxes orixinais do universo rural galego. Nela interpreto a Puskas, do bar "Puskas".
<b>Airapro, TVG</b> 2011, 2012, 2013	<b>Especiais de Mucha e Nucha</b> Programas especiais de Nadal producidos para a TVG nos que participei como guionista e como actor. Neles, as Cantareiras de Ardebullo, onde interpreto a Mucha, comparten a súa noite de Nadal cos telespectadores.
<b>TVG</b> 2010	<b>Gala dos Premios Mestre Mateo</b> Presentador e guionista da gala dos Mestre Mateo, organizada pola Academia Galega do Audiovisual.
<b>TVG</b> 2009	<b>Gala dos Premios Mestre Mateo</b> Presentador da gala que reúne cada ano aos profesionais do audiovisual galego.
<b>TVG</b> 2009	<b>Botarse ao monte</b> Programa da Televisión de Galicia sobre sendeirismo no que participei como presentador. Nel percórrense distintas localizacións de Galicia e danse consellos sobre excursionismo.
<b>TVG</b> 2008-2015	<b>Luar</b> Show de variedades que se emite dende fai 23 anos na TVG. Participei en máis de 100 programas poñéndolle cara a Mucha, unha das Cantareiras de Ardebullo.
<b>TVG</b> 2008-2015	<b>Padre Casares</b> Serie da Televisión de Galicia de gran éxito na que interpretei a Rodolfo, o fillo de Puri.
<b>Voz Audiovisual</b> 2007	<b>A vida por diante</b> Serie da Televisión de Galicia sobre a loita e a forza que expresan as mulleres dos mariñeiros. Participei como actor nun dos capítulos.
<b>Zopilote</b> 2007-2009	<b>Air Galicia</b> Programa de humor da TVG con diferentes <i>sketchs</i> sobre a crítica social, a parodia ou o humor político. Actuei como presentador de "Xoias do cinematógrafo".
<b>TVG</b> 2007	<b>Efectos Secundarios</b> Unha serie centrada na vida dun Centro de Saúde dunha pequena vila. Estiven durante once capítulos interpretando a Emilio.
<b>TVG</b> 2007	<b>Arre Demo</b> Arre Demo foi un programa de humor no que participei desempregando varios roles, como actor e guionista, estaba baseado no coñecido formato de bromas feitas con cámara oculta.
<b>TVG</b> 2006	<b>En pé da festa</b> Serie diaria de humor líder de audiencia na TVG. Interpreto a Mucha e a outras tantas personaxes.
<b>TVG</b> 2006	<b>O Show dos Tonechos</b> Actor convidado neste programa de humor en que os protagonistas son o dúo Os Tonechos: Roberto Vilar (pai) e Víctor Fábregas (Tucho, o fillo). A serie conta as andanzas da familia.
<b>TVG, Voz Audiovisual</b> 2006	<b>Perdelo Todo</b> Fun presentador neste programa baseado no formato da BBC Lose a Million no que catro participantes tiñan que demostrar habilidade física e destreza respostando preguntas de todo tipo.
<b>TVG</b> 2005	<b>Supermartes</b> Foi un concurso dirixido a todos os públicos, no que só un dos participantes, despois de superar as probas, chegaba á fase final na que podía conseguir grandes premios. Eu participaba axudando na realización destas probas.
<b>RADIO</b>	
<b>Radio Televisión de Galicia</b> 2006-2009	<b>Á tarde</b> Fun colaborador neste programa de radio interpretando ao personaxe Ramón Regoufe.
<b>CINEMA</b>	
<b>Maruxiña Film Company, ZircosZine</b> 2015	<b>Os fenómenos</b> Película dirixida por Alfonso Zarauza. Trátase dun drama social que con pinceladas de humor, fala do esplendor e da decadencia do ladrillo a través dun personaxe interpretado pola actriz Lola Dueñas.
<b>Tornasol Films, Milú Films, Continental Producciones</b> 2006	<b>Días azules</b> Longametraxe de Miguel Santesteban na que interpreto a Pincha La Palma. É a historia de tres irmáns en dous momentos distintos das súas vidas nas que se combina o drama e a comedia romántica.
2006	<b>Marta</b>

## TEATRO

2017-Actualidade

### Ainé

2017-Actualidade

### Monólogos R. Dous homes e un vespino.

Neste monólogo forma tándem con Pepo Suevos, facendo as delicias do público, nunha serie de monólogos por toda a xeografía galega.

### Eme2

2016

### Agora en serio

Agora en serio é o título do novo espectáculo do Marcos Pereiro e Touriñán no que terá cabida todo ou case todo. En 2017 cúmprense quince anos da súa primeira actuación xuntos, un aniversario moi especial que celebrarán facendo o que mellor saben facer: comedia.

### Ainé

2015-2016

### Monólogo do imbécil

A Santi todo lle sae mal. El procura comportarse coma os demais pero sempre pasa algo que acaba deixándoo con cara de parvo.

### Etiqueta Negra

2015-2016

### Curtis & Teixeiro

Obra cómica na que interpreto a Teixeiro, un investigador privado cuxo compañeiro é Curtis (Fede Pérez). Xuntos intentaremos resolver algúns dos misterios máis de actualidade.

### R, Osdous Ardebullo

2014-2015

### Amigos ata a morte

Exitosa comedia teatral de Javier Veiga que trata sobre a amizade e o amor, e na que comparto elenco con David Amor e Leticia Sola.

### Undodez

2011-2015

### Viramos tolos pola tele

Monólogo colectivo que parodia os magazines televisivos e a súa ampla diversidade de contidos.

### Osdous Ardebullo

2002-2016

### Manolo Lojo

Manolo Lojo é un personaxe que o único que ten claro é que non quere seguir vivindo e conta os pormenores da súa vida.

### Cantareiras de Ardebullo

Dúo humorístico que formo con Marcos Pereiro e no que interpreto a Mucha. Este espectáculo suma xa máis de 400 funcións en auditorios e escenarios de toda Galicia.

### Xacarandaina

2007

### Prestixio

Espectáculo de música e baile tradicional no que participei como actor.

## GUIONISTA

### TVG

2011

### Un soño de Nadal

A parella humorística Mucha e Nucha vive e comparte con todos os galegos as festas de Nadal. Mentres están traballando na limpeza das instalacións da TVG en San Marcos, véñse en voltas nun enredo de tal calibre que deben encargarse de tódalas emisións durante unha noite enteira.

## // CONTACTO

A miña axencia de contratación é **Ainé** (<http://aine.gal>)



**881 946 972 (tel:881946972)**



**artistas@aine.gal (mailto:artistas@aine.gal)**



### Twitter

<https://twitter.com/xatouri> (<https://twitter.com/xatouri>)



### Facebook

<https://www.facebook.com/tourinhan> (<https://www.facebook.com/tourinhan>)



### Web

[touriñan.gal](http://touriñan.gal) ([touriñan.gal](http://touriñan.gal))

## // HABILIDADES

Improvisación

Pádel

Comunicación



## // IDIOMAS

Galego

★★★★★

Español

★★★★★

Portugués

★★★★★

Inglés

★★★★★

## // HOBBIES

♥ Comer

♥ Pádel

♥ Facer a mona

## // INFO FÍSICA

### Peso

95 kg

### Altura

185 cm

### Pelo

Negro, Rizo.

### Ollos

Marrón-verde

### Rango de idade

25-45 anos